

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central -		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/43/2022	GOB16I0LN	
<div>30211W0T0I6E1B3F0LGV</div>		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: <u>SR. ALCALDE ACCTAL.:</u> D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª OLGA AMENEIRO LOPEZ D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO <u>NON ASISTE:</u> Dª MARIAN FERREIRO DÍAZ (ALCALDESA) <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MªPILAR CANZOBRE MENDEZ <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do un de decembro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sr ALCALDE ACCTAL., MANUEL A.RAMOS RODRÍGUEZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E O PLAN DE FINANCIACIÓN DEFINITIVO DA SUBVENCIÓN NEXT GENERATION PARA O PROXECTO: "PARQUE FLUVIAL ENTRE A AVDA. MIGUEL DE CERVANTES E A RÚA CONDE FENOSA (MARXE DEREITA).- Vista a proposta formulada que di así: A administrativa adscrita aos Programas Europeos e Planificación Local o día 29.11.2022 elevou a esta Alcaldía o informe proposta co código PLA16I08M que di:

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta
EXPEDIENTE	PLA/8/2022: solicitude de subvención Next Generation para o proxecto: "Parque fluvial entre a avenida Miguel de Cervantes e a rúa Conde de Fenosa (marxe dereita)"
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aprobar a aceptación da subvención e o plan de financiamento

O 10 de xuño a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) publicou as “bases reguladoras e a convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación e rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia” na web da Rede Española de Cidades Saudables (RECS).

Esta convocatoria enmárcase nas actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e do Real decreto 1070/2021, do 4 de decembro, financiadas a través do Instrumento Europeo de Recuperación Next Generation EU e regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables.

Este real decreto desenvólvese a través de convenios-programa entre a FEMP e o Ministerio de Sanidade para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables mediante a creación ou rehabilitación de contornas saudables. No ámbito destes convenios-programa elaborouse a convocatoria de axudas e bases que a regulan, dirixidas ás entidades locais pertencentes á Rede Española de Cidades Saudables (RECS). Estas actuacións enmárcanse dentro dos obxectivos definidos no Compoñente 18 “Renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde” Investimento 2 (C18.I.2).

No marco desta convocatoria, por resolución de Alcaldía deste concello do día 8 de xullo de 2022, solicitouse á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a través da plataforma habilitada para o efecto na páxina web da Rede Española de Cidades Saudables, a subvención para o proxecto: “Parque fluvial entre a avenida Miguel de Cervantes e a rúa Conde de Fenosa (marxe dereita)” no Concello de Narón, que inclúe, por unha banda, a execución das obras por un importe de 424.526,12 € (IVE incluído) e, doutra banda, actuacións de promoción, difusión e comunicación do proxecto por un importe de 1.800,00 € (IVE incluído).

O importe total das actuacións propostas no citado proxecto é de 426.326,12 € (IVE incluído) e o importe da axuda solicitada ascende a 60.000,00 €.

O día 14.10.2022 a FEMP publicou a resolución provisional de concesión de subvencións no marco da citada convocatoria e comunicou ao Concello de Narón, a través de medios telemáticos, a concesión provisional da axuda por un importe de 60.000,00 €.

Conforme ao sinalado no artigo 16.5 das bases reguladoras destas axudas, as entidades propostas como beneficiarias teñen que achegar carta de recepción ou de renuncia da axuda no prazo máximo establecido de 15 días naturais, desde o día seguinte ao que se produza a comunicación da concesión.

O día 20 de outubro de 2022 remítese á FEMP o escrito de aceptación da axuda provisional, asinado pola alcaldesa, posto que, a Alcaldía-Presidencia ten outorgadas as facultades para realizar os trámites precisos para alcanzar a efectividade do devandito acordo, segundo se indica na resolución de solicitude da subvención.

Unha vez recibidas as cartas de aceptación ou renuncia de todas as entidades e tendo en conta a proposta realizada polo órgano instrutor, o secretario xeral da FEMP, de conformidade co sinalado nas bases reguladoras e convocatoria de axudas de referencia, o día 17 de novembro de 2022 emite resolución definitiva que ratifica a resolución provisional de concesión de subvención ao Concello de Narón, segundo o seguinte cadro:

Expediente	Entidade solicitante	Título proxecto	Importe axuda (€)
221	Narón/ A Coruña	Parque fluvial entre a avenida Miguel de Cervantes e a rúa Conde de Fenosa (marxe dereita) no Concello de Narón	60.000,00

Nesa mesma data, o 17 de novembro de 2022, a FEMP comunica por correo electrónico a este concello a publicación da resolución definitiva de concesión da subvención na páxina web da Rede Española de Cidades Saudables.

Resultan de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos orzamentos do ano 2022. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, se é o caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.
- Real decreto 1070/2021, do 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quen subscribe, previa fiscalización, solicita á Alcaldía-Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o cadro de financiamento definitivo para o proxecto de “Parque fluvial entre a avenida Miguel de Cervantes e a rúa Conde Fenosa (marxe dereita) no Concello de Narón”

Plan de financiamento definitivo:

Proxecto	“Parque fluvial entre a avenida Miguel de Cervantes e a rúa Conde Fenosa (marxe dereita)”	
Custo total do proxecto		426.326,12 €
Importe axuda		60.000,00 €
Achega municipal		366.326,12 €
Subconcepto económico de ingresos	79701	58.200,00 €
	49701	1.800,00 €

Aplicacións orzamentarias	1532.60900	424.526,12 €
	(Código de proxecto: 2021.4.00000.31)	
	1532.22602	* 1.800,00 €

* Solicitarase a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.

SEGUNDO: Aceptar, para o citado proxecto a subvención de 60.000,00 € concedida pola FEMP, nos termos establecidos na resolución definitiva de concesión da axuda.

”

Logo de ver o citado informe e despois da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto co código ICO16IOF0, no que se especifica que o código de proxecto actual da obra é 2021.4.00000.3 1 e que deberá modificarse e crearse un código de proxecto para o gasto corrente do capítulo 2, esta alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E O PLAN DE FINANCIACIÓN DEFINITIVO DA SUBVENCIÓN NEXT GENERATION PARA O PROXECTO : "HUMANIZACIÓN DA RÚA A SOLAINA".- Vista a proposta formulada que di así: A administrativa adscrita aos Programas Europeos e Planificación Local o día 29.11.2022 elevou a esta Alcaldía o informe proposta co código PLA16IO8N que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta
EXPEDIENTE	PLA/9/2022: solicitude de subvención Next Generation para o proxecto: “Humanización da rúa A Solaina”
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aprobar a aceptación da subvención e o plan de financiamento definitivo

O 10 de xuño a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) publicou as “Bases reguladoras e a convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación e rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia” na web da Rede Española de Cidades Saudables (RECS).

Esta convocatoria enmárcase nas actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e do Real decreto 1070/2021, do 4 de decembro, financiadas a través do Instrumento Europeo de Recuperación Next Generation EU e regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables.

Este real decreto desenvólvese a través de convenios-programa entre a FEMP e o Ministerio de Sanidade para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables mediante a creación ou rehabilitación de contornas saudables. No ámbito destes convenios-programa elaborouse a convocatoria de axudas e bases que a regulan, dirixidas ás entidades locais pertencentes á Rede Española de Cidades Saudables (RECS). Estas actuacións enmárcanse dentro dos obxectivos definidos no Compoñente 18 “Renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde” Investimento 2 (C18.I.2).

No marco desta convocatoria, por resolución de Alcaldía deste concello do día 8 de xullo de 2022, solicitouse á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a través da plataforma habilitada

para o efecto na páxina web da Rede Española de Cidades Saudables a subvención para o proxecto: “Humanización da rúa A Solaina do Concello de Narón, que inclúe, por unha banda, a execución das obras por un importe de 707.958,88 € (IVE incluído) e, doutra banda, actuacións de promoción, difusión e comunicación do proxecto por un importe de 1.800,00 € (IVE incluído).

O importe total das actuacións propostas no citado proxecto é de 709.758,88 € (IVE incluído) e o importe da axuda solicitada ascende a 60.000,00 €.

O día 14.10.2022 a FEMP publicou a resolución provisional de concesión de subvencións no marco da citada convocatoria e comunicou ao Concello de Narón a través de medios telemáticos a concesión provisional da axuda por un importe de 60.000,00 €.

Conforme ao sinalado no artigo 16.5 das bases reguladoras destas axudas, as entidades propostas como beneficiarias teñen que achegar unha carta de recepción ou de renuncia da axuda no prazo máximo establecido de 15 días naturais, desde o día seguinte ao que se produza a comunicación da concesión.

O día 20 de outubro de 2022 remítese á FEMP o escrito de aceptación da axuda provisional, asinado pola alcaldesa, posto que, a Alcaldía-Presidencia ten outorgadas as facultades para realizar os trámites precisos para alcanzar a efectividade do devandito acordo, segundo se indica na resolución de solicitude da subvención.

Unha vez recibidas as cartas de aceptación ou renuncia de todas as entidades e tendo en conta a proposta realizada polo órgano instructor, o secretario xeral da FEMP, de conformidade co sinalado nas bases reguladoras e convocatoria de axudas de referencia, o día 17 de novembro de 2022 emite resolución definitiva que ratifica a resolución provisional de concesión de subvención ao Concello de Narón, segundo o seguinte cadro:

Expediente	Entidade solicitante	Título proxecto	Importe axuda (€)
178	Narón/ A Coruña	Humanización da rúa A Solaina do Concello de Narón	60.000,00

Nesa mesma data, o 17 de novembro de 2022, a FEMP comunica por correo electrónico a este concello a publicación da resolución definitiva de concesión da subvención na páxina web da Rede Española de Cidades Saudables.

Resultan de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos orzamentos do ano 2022. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, se é o caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.

- Real decreto 1070/2021, do 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quen subscribe, previa fiscalización, solicita á Alcaldía-Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

ÚNICO: Aprobar o cadro de financiamento definitivo para o proxecto de “Humanización da rúa A Solaina do Concello de Narón”.

Plan de financiamento definitivo:

Proxecto	“Humanización da rúa A Solaina do Concello de Narón”	
Custo total do proxecto	709.758,88 €	
Importe axuda	60.000,00 €	
Achega municipal	649.758,88 €	
Subconcepto económico de ingresos	79701	58.200,00 €
	49701	1.800,00 €
Aplicacións orzamentarias	1532.60900	707.958,88 €
	(Código de proxecto: 2021.4.00000.34)	
	1532.22602	* 1.800,00 €

* Solicitarase a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.

SEGUNDO: Aceptar, para o citado proxecto a subvención de 60.000,00 € concedida pola FEMP, nos termos establecidos na resolución definitiva de concesión da axuda.

”

Logo de ver o citado informe e despois da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto co código ICO16I0EY, no que se especifica que o código de proxecto actual da obra é 2021.4.00000.34, que deberá modificarse e, crearse un código de proxecto para o gasto corrente do capítulo 2, esta alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.



4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4